

Ref.: LA2405

**RESOLUCIÓN REITORAL, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 5º CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PROFESORADO SUBSTITUTO. CURSO ACADÉMICO 2024-2025.**

Consonte ao disposto na base 4 da convocatoria do 5º concurso público para a elaboración de listas de agarda de profesorado substituto, convocado por esta universidade mediante Resolución do 9 de xaneiro de 2025 (anuncio publicado no DOG do 15)

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar e facer pública no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo a **relación definitiva de persoas admitidas e excluídas** (lista alfabética e lista por prazas).

Consonte establece o punto 2 da base cuarta da convocatoria, as reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas enténdese resoltas coa publicación desta lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR,  
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)  
A Vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica  
(asinado dixitalmente)

- Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

